

BASES DA CAMPAÑA
REXISTRO DE TICKETS DE COMPRA
"A VOLTA AO COLE ESTRELA"

1) OBXECTO

A Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín, desenvolverá desde o 1 de setembro ao 12 de setembro (ata as 19.30hrs), a promoción "A VOLTA AO COLE ESTRELA". Esta campaña pretende premiar a fidelidade dos clientes, transmitíndolle aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados, ofrecendo a posibilidade de acadar importantes premios.

2) ÁMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na asociación, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos se atopen abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado).

3) PREMIOS:

Haberá 1 premio de 1.000€ en tarxetas regalo de "Comercio do Morrazo", divididos en 5 tarxetas de 200€. Unha das tarxetas de 200€ deberá gastarse no establecemento onde se efectúe a compra do ticket premiado. O/A gañador/a disporá ata o 30 de setembro para canxear as tarxetas regalo nos establecementos que escollo o cliente, sempre que sexan asociados a Estrela de Marín (o tope máximo de gasto por establecemento será de 200€).

4) DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN.

Trátase dunha promoción de balde dirixida aos clientes-consumidores das empresas asociadas participantes. Pode participar calquera

persoa física, maior de idade, que realice alguna compra ou servizo no comercio ou empresa asociada durante o período de vixencia da promoción, por importe igual ou superior a 10€.

Para participar, haberá que cumprimentar o formulario de rexistro, que figura na web e subir o ticket de compra, cuxo importe non poderá ser inferior a 10€ e asistir á celebración do sorteo, xa que é presencial, e que terá lugar o venres 12 de setembro ás 20.30hrs, no "Parque Eguren de Marín".

O formulario, aparecerá no enlace <https://www.estrelademarin.gal/a-volta-ao-cole-estrela/>.

O sorteo realizarase, a través da plataforma de sorteos, concursos, xogos e experiencias dixitais "Easypromos". A través desta plataforma, escollerase a un gañador e a 20 suplentes. **Será condición indispensable para acadar o premio, estar presente no momento do sorteo.**

Se non estivesen presentes, nin o gañador nin os suplentes, o premio quedará deserto.

A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estricto respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción.

Todos os datos introducidos polo participante deberán ser veraces. No suposto de que o participante cumprimentase o formulario con datos falsos ou utilizara de xeito inadecuado, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún. Do mesmo xeito, aqueles rexistros pertencentes a tickets de compra de establecementos non asociados, non terán opción á participar no sorteo.

A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descalificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, ESTRELA DE MARÍN, resérvase o dereito a exercer tódalas accións legais que lle asistan contra os infractores.

5) ENTREGA E ACEPTACIÓN DOS PREMIOS

ESTRELA DE MARÍN, o propio día do sorteo fará entrega ao posuidor do ticket de compra seleccionado pola plataforma de sorteos "Easypromos" do premio descrito no punto 3. O posuidor chamarase por megafonía, e se non está presente procederase á chamar por orde, aos correspondentes suplentes, ata un total de 20 ata que esté presente algún deles. No momento que apareza, comprobarase a identidade da persoa, a través dalgún método válido en dereito (DNI, Pasaporte, Carnet de conducir ou similar). De resultar infructuosos os diferentes intentos, o premio quedará deserto.

O premio da presente promoción non poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación ou cesión a petición do gañador.

6) LIMITACIÓNS PARA PARTICIPAR

ESTRELA DE MARÍN resérvase o dereito, se concurre causa xusta e previa comunicación de xeito legal, a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta promoción. A simple participación implica a aceptación destas Bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia, ESTRELA DE MARÍN, quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes comprométense a admitir a decisión interpretativa que ESTRELA DE MARÍN poida dar sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

Os menores de idade, non poderán participar no sorteo.

7) EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

- ESTRELA DE MARÍN non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.
- ESTRELA DE MARÍN non será responsable de que o gañador ou os suplentes, non se atopen presentes no momento do sorteo.

8) DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES. REPERCUSIÓN FISCAL

ESTRELA DE MARÍN non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei lle correspondan satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

- De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF e o Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeito ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premio sexa superior a 300€.

- ESTRELA DE MARÍN queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio.

TRATAMENTO DOS DATOS DE CÁRACTER PERSOAL

A efectos de dar cumprimento ao REGULAMENTO (UE) 2016/679 RGPD, informa de que os datos proporcionados polos **participantes** na campaña poderán ser incorporados a un ficheiro automatizado, denominado PROMOCIONES CAMPANAS Y SORTEOS responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar a súa participación na presente promoción así como poder informarle por calquera medio sobre produtos, promocións ou servizos, así como para o uso interno dos mesmos e o envío de comunicación relativos aos aspectos anteriores. Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición, revocación do consentemento prestado así como reclamar ante AEPD. ESTRELA DE MARÍN adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores desta promoción autorizan a ESTRELA DE MARÍN a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos, enderezo e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promoción a que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

9) ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación integra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe ESTRELA DE MARÍN. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases por ESTRELA DE MARÍN, serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Marín, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

En Marín, a 1 de setembro de 2025